

A CALIDADE DO EMPREGO, A MELLOR GARANTÍA ANTE AS INCERTEZAS ECONÓMICAS

A contratación indefinida foi do 29%, fronte ao 7,65% de hai un ano

Redacción.- Aínda que o paro aumenta en agosto, como consecuencia da tempada estival, a fortaleza do emprego e a mellora da súa calidade persisten, froito da reforma laboral pactada no ámbito do diálogo social. Con todo, é preciso seguir mantendo o escudo social e as medidas de apoio, garantir o poder adquisitivo dos traballadores/as con cláusulas de revisión nos convenios e subir o SMI ata que alcance os 1.100 euros en 2023.

Os datos de paro rexistrado publicados polo Servizo Público de Emprego (SEPE) e de afiliación pola Seguridade Social para o mes de agosto mostran unha volta ao dinamismo no mercado laboral tras o lixeiro parón de xullo. Eliminando os efectos de estacionalidade e calendario, apréciase un aumento de afiliados respecto ao mes anterior, aínda que, en media mensual, diminúen, como adoita suceder nos meses de agosto. Tamén os parados rexistrados aumentan, como consecuencia do final da tempada de verán, que pon fin a moitos contratos realizados para cubrir a actividade destas datas.

Son datos que, en tendencia, seguen mostrando a fortaleza do emprego, pero tamén a necesidade de manter o escudo social e as medidas de apoio fronte aos efectos da guerra en Ucraína, a elevada inflación ou a subida de tipos de interese. Non hai motivos para a alarma, pero si para a preocupación e a prevención.

O que si poñen de manifesto os datos de emprego, unha vez máis, é que a reforma laboral está a incidir notablemente na calidade do emprego. O contrato indefinido representa un 29% do total de contratos, mellorando as condicións laborais do emprego creado.

Os salarios deben crecer máis

O principal problema que debe afron-

tar agora a nosa economía é a diminución da capacidade adquisitiva que están a padecer as familias porque, aínda que se creou emprego e, desde xaneiro de 2022, este foi esencialmente de carácter indefinido, a realidade é que os salarios reais están a diminuír a un ritmo vertixinoso.

É imprescindible que se amplíen as medidas adoptadas ata o de agora para protexer a creación de emprego e a calidade de vida das persoas traballadoras, construíndo un verdadeiro pacto de rendas á altura da conxuntura. A negativa da CEOE a chegar a un acordo nesta materia é un despropósito, sobre todo cando a economía actualmente require de certeza. O esforzo para superar os inconvenientes ocasionados polo conflito bélico en Ucraína debe ser colectivo, e as empresas deben axustar as súas marxes, principais responsables do aumento da inflación.

Datos desemprego mes de agosto

Entrando xa de cheo nos datos, estes reflicten que o paro sitúase en Galicia en 141.912 persoas, aumentando no mes nun 1,47%, dun xeito similar ao comportamento do resto do Estado, cun incremento do 1,4%.

Si se rexistra unha importante mellora en relación a hai un ano, xa que baixa o paro en 9.352 persoas, un 6,18%, aínda que non dun xeito tan acusado como o fai o resto do Estado, onde a porcentaxe foi do 12,29%.

Entre os máis mozos, o incremento no mes foi máis acusado que no resto de idades, do 8,3%, e a baixada no ano foi do 0,78%.

Por sexos, de novo, a evolución foi máis favorable para os homes, cun crecemento no mes do 0,9%, mentres que no caso das mulleres foi do 1,9%. No



ano, a contracción foi similar en ambos casos, do 6,28% entre os homes e do 6,11% entre as mulleres.

Aínda así, as mulleres seguen a levarse a peor parte do desemprego, representando o 59% do total.

Por sectores, o paro sube en todos, salvo no primario, onde baixa o 2,12%. No ano, dáse contracción en todos, moi acusada na industria, do 13,61%, ou na construción, do 9,9%. Territorialmente, tamén medra en todas as provincias mensualmente e baixa tamén en todas en relación a hai un ano.

En canto aos contratos, fixéronse 71.783, menos que no ano anterior pero de maior calidade, xa que a porcentaxe de indefinidos foi do 29%, fronte ao 7,65% que se rexistraba hai un ano. Destacando as taxas de contratación indefinida na construción, do 72,45%. No primario foi do 59,94%, do 23,66% na industria e do 26,88% no sector servizos.

En canto á cobertura por desemprego, esta é do 63,55%, con 81.700 beneficiarios, aínda que 38.225 perciben rendas de subsidio e 4.764 rendas activas de inserción. O que amosa as dificultades que están a pasar moitas familias. A afiliación á Seguridade Social descende no mes en Galicia o 0,27% pero medra no ano, o 1,53%, un bo indicador, aínda que por debaixo do Estado, onde sube o 3,48%.

A REUNIÓN ENTRE UGT, XUNTA E PATRONAL DESTA SEMANA DA OS SEUS FROITOS CO ANUNCIO DO DESCONTO DO 50% NOS PREZOS DO AUTOBÚS AUTONÓMICO

FeSMC-UGT confía en que esta medida sirva para garantir o emprego no sector. De todos os xeitos, o Sindicato anuncia que estará vixiante ante calquera movemento neste senso

Redacción.- A reunión mantida este martes entre Xunta, UGT e patronal sobre o futuro inmediato do transporte de viaxeiros por estrada en Galicia deu os seus froitos co anuncio inmediato por parte da Administración galega do desconto do 50% nos prezos do autobús autonómico.

A Federación de Servizos, Mobilidade e Consumo de UGT Galicia tomou a iniciativa de solicitar esta xuntanza coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta ante un tema tan delicado como a bonificación do prezo do billete de autobús na Comunidade Autónoma Galega dentro dun mapa concesional complicado.

Certamente, a preocupación de UGT sobre este asunto era máxima, pois o futuro do mantemento das relacións laborais no sector estaba a ser seriamente comprometido e o obxectivo principal de UGT, como organización sindical asinante, é que se cumpran os acordos sociais dos pregos de condicións no transporte de viaxeiros de Galicia e evitar a perda de emprego no sector.

Á xuntanza acudiron Ethel Vázquez, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, acompañada de Ignacio Maestro, director xeral de Mobilidade; Eladio Romero, secretario xeral de FeSMC UGT Galicia e os máximos representantes da patronal do transporte de viaxeiros de Ga-

licia afectados pola bonificación e gratuidade do servizo ferroviario. En definitiva, os interlocutores que adoptan decisións concluíntes neste sector, sen escusas para abordar temas delicados en prol dunha solución satisfactoria e viable.

Na xuntanza analizouse o estado das concesións de transporte de viaxeiros e, en especial, as directamente afectadas pola bonificación do Goberno central aos servizos ferroviarios de proximidade, rodalies e media distancia convencional. Este punto aproxima ás empresas, persoas traballadoras e usuarias do transporte de viaxeiros en Galicia, pois todas as partes necesitan unha bonificación do servizo de transporte de viaxeiros para reducir a incidencia dunha recentemente creada competencia desleal debido á bonificación do prezo do transporte de ferrocarril e non do de viaxeiros por estrada.

O obxectivo era dar unha saída viable ao sector de viaxeiros por estrada en Galicia ante a diferenza existente de prezo fronte ao servizo ferroviario (con bonificación estatal). Este escenario de competencia desleal afecta ás persoas traballadoras do servizo de viaxeiros, condutores, condutoras e persoal de oficina, posto que as empresas poderían entrar en déficit



económico inminente pola perda de viaxeiros coas consecuencias sobre o salario e o emprego que podería isto conlevar mediante regulacións temporais de condicións laborais. Por iso, UGT fixo todo o posible para que esta reunión se mantivese e exerceu unha presión estable para que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adoptase as medidas necesarias coa finalidade de tapar esta brecha e este desequilibrio entre as dúas modalidades de transporte.

E así foi, a Xunta, unhas horas despois da xuntanza, moveu ficha. UGT, aínda que saúda a medida anunciada polo Goberno autonómico, insiste en que estará vixiante para que en todo momento se garanta a continuidade das condicións laborais dos traballadores e traballadoras do sector e se garanta o emprego na súa totalidade.

AS 32 HORAS SEMANAIS TERMINARANSE IMPOÑENDO

Redacción.- O vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Mariano Hoya, que interveu no espazo de debate sobre as 32 horas semanais no programa "Herrera en Copé", apelou á necesidade de chegar a consensos en diálogo social, aínda que a CEOE nestes momentos non parece moi polo labor, visto o que ocorre co pacto de rendas.

Durante o debate con Andreu Cruaño, da CEOE, Hoya defendeu o modelo de 32 horas distribuídas en 4 días á semana, sen ningunha perda de poder adquisitivo para os traballadores e traballadoras, e dixo que "estamos convencidos de que, nun futuro non moi afastado, terminarase impoñendo tanto en España, como en Europa".

Unha reivindicación de UGT que consta

nas resolucións aprobadas no 43 Congreso Confederal, celebrado en Valencia, e que o sindicato defende no ámbito nacional e europeo. Desenvolvéronse distintas xomadas e reunións con diferentes relatores parlamentarios e coa presidenta do CESE.

Hoya sinalou que, para financiar este modelo, fan falta recursos, a través dos Fondos Next Generation, e o compromiso dos diferentes gobernos para implementar esta medida. Neste sentido, dixo que "non todos os sectores e empresas son iguais e que sería necesario un proceso de transición incentivado por parte dos gobernos da UE. No noso país o diálogo social e a negociación colectiva xogarán un papel fundamental".

Hoya sinalou que lle gustaría que o acordo

para establecer as 32 horas semanais fose froito dun Pacto de Estado e dun acordo no marco do diálogo social. Algo que ve complicado, nestes momentos, porque no noso país non somos capaces de poñermos de acordo en asuntos vitais, que afectan a toda Europa, e porque a CEOE tampouco parece ter moita vontade de diálogo social. Neste sentido, puxo de exemplo o bloqueo por parte da patronal do pacto de rendas, vital para as empresas e para garantir o poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras. Lembrou a elevada inflación, que a subida media en convenio é do 2,5% e que vimos dun ano onde os salarios perderon 5 puntos porcentuais. "Sería sensato que nos sentássemos a falar para buscar solucións para as empresas e os traballadores do noso país, pero parece que non hai moito interese".

AUMENTAR OS SALARIOS É APOSTAR POLO RELANZAMENTO DA ECONOMÍA



Redacción.- O IPC adiantado do mes de agosto reflicte o mantemento da espiral inflacionista, situando no 10,4% a taxa anual. A negativa da patronal para subir os salarios, o aumento dos tipos de interese e a guerra de Ucraína están a agravar os problemas das persoas do noso país

Os datos do avance de IPC do mes de agosto, publicados polo INE, volven mostrar unha taxa anual de dous díxitos, concretamente do 10,4%, un escenario inflacionista no que se instalou a economía española, en liña co resto das economías europeas, que supón empeorar a preocupación, xa asentada desde hai meses, para os petos dos traballadores e traballadoras.

Para UGT, hai tres craves fundamentais para entender esta situación e que se deberían solucionar para non agravar os problemas das persoas deste país. En primeiro lugar, a enquistada situación da negociación colectiva provocada por unha patronal que se nega a negociar, nun momento no que as subidas salariais están sumamente afastadas do aumento do custo da vida, concretamente no 2,6%, fronte á media do 9,0% que rexistra a inflación anual.

En segundo lugar, os aumentos dos tipos de interese, que o Banco Central Europeo xa situou no 0,5% e que é previsible que incremente ata o 1% en setembro. Estes tipos repercuten directamente no custo das hipotecas a tipo variable, que se fixan co Euribor a 1 ano cando corresponde a revisión, e supoñen un

encarecemento dos gastos mensuais dos fogares que poden resultar inabordables para moitos deles.

E tamén a negativa repercusión da conxuntura económica, marcada polo impacto da guerra en Ucraína, sobre o crecemento do PIB nun ano de recuperación, unha vez superada case completamente a pandemia. Mentres que o crecemento do PIB real para este ano podería ser próximo ao 7%, a realidade é que o impacto do conflito bélico, as decisións de política monetaria e o aumento da inflación están a dificultar que se desenvolvan as actividades económicas ao ritmo esperado.

Por todo iso, para UGT, é fundamental que incrementen os salarios para evitar que o consumo decaia e que os traballadores e traballadoras volvan ser os que paguen o custo dunha crise coa súa capacidade adquisitiva. CEOE ten que ser responsable coa cidadanía deste país e reverter nas familias todos os beneficios que acumularon as empresas durante estes anos.

Ademais, o sindicato considera indispensable que se impulsen medidas para evitar que se poida afrontar un gasto como as hipotecas, que supón unha elevada porcentaxe dos orzamentos de boa parte das familias, cunha liña de crédito para as familias que palíe esta situación; para reducir a inflación, é imprescindible que se alcance un pacto de rendas xusto, no que as empresas e os traballadores acheguen de maneira igualitaria á superación das cir-

cunstancias económicas actuais; e que o Goberno estableza un control de prezos para bens e servizos básicos, evitando que a especulación se lucre das necesidades das familias traballadoras.

Datos de interese

O INE avanza unha taxa anual do IPC para o mes de agosto do 10,4%, por terceiro mes consecutivo superior ao 10%. Pola súa banda, a variación mensual sitúase nun 0,1%. De confirmarse, trataríase dunha contorna de inflación moito máis elevado do que marcaban as previsións tras o inicio da guerra en Ucraína, que estimaban unha media da taxa anual para 2022 do 6,8%. A realidade é que esta media sitúase no 9,0% cos datos ata o de agora dispoñibles e o seu pronóstico a futuro é que se manteña nestes valores.

Doutra banda, cabe destacar que a inflación subxacente, que exclúe os alimentos non elaborados e os produtos enerxéticos, foi aumentando a medida que se asumía que a inflación non ía ser transitoria. Desta maneira, a súa taxa anual foi dun 6,4%, o valor máis alto na serie histórica desde xaneiro de 1993.

O INE apunta que as causas dos aumentos no mes de agosto proveñen dos alimentos, a restauración, os paquetes turísticos e da electricidade. Afectaron á baixa o descenso dos prezos nos carburantes respecto aos aumentos que se produciron no mesmo mes de 2021.